

SINISTRALIDADE LABORAL DOS CONDUTORES PROFESIONAIS

GALICIA

2014 -2018



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. METODOLOXÍA	3
3. RESULTADOS	4
Evolución xeral	
Idade	
Tráfico	
Sector	
Seccións/Divisións (CNAE)	
Tipo de contrato	
Provincia	
Desviación	
Forma	
Lesión	
Avaliación de riscos	
Lugar	
4. CONCLUSIÓN	29
5. ANEXOS	34

1. INTRODUCCIÓN

Entre as actividades para realizar no ano 2021 polo Observatorio galego de condicións de traballo ([OGCT](#)) que se enumeran no Plan de actividades do [Issga](#) para ese ano, están no eixo 2 (Observatorio) do devandito plan as correspondentes ao epígrafe 3 das 5 do eixe.

Devandito epígrafe corresponde ao: *Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre os accidentes de traballo*, no cal no seu punto G indícase: *Dar continuidade ao estudo do período 2012-2016 sobre a análise de AT no colectivo de condutores profesionais*. Ese estudo correspondente aos anos 2012-2016 tiña por nome: [Sinistralidade dos condutores profesionais anos 2012-2016](#) e esta dispoñible para a súa descarga na [sección de estudos](#) do Observatorio.

Para dar cumprimento ao anterior realizouse este estudo: **Sinistralidade dos condutores profesionais 2014-2018**, onde se continúa a análise dos datos, avanzando no tempo e as conclusións refírense non só aos datos dos anos en cuestión senón á variacións dos valores medios do estudo anterior.

Para a realización deste estudo, pártese da información contida nos partes de accidente de traballo (PAT), declarados no sistema [Delt@](#) escolléndose o mesmo subconxunto de variables do estudo anterior para dar continuidade ao mesmo e servir para os mesmos obxectivos de caracterizar a sinistralidade dos traballadores do transporte e dar orientación á vista dos datos para as accións de mellora da mesma.

Hai que lembrar que para coñecer as causas non basta coa información que se recolle nos partes de accidente, senón que é necesaria a investigación dos mesmos por un técnico de prevención para que se apliquen as medidas correctoras a cada caso particular.

2. METODOLOXÍA

Para a realización deste estudo utilizáronse os partes de accidentes de traballo con baixa de accidentes entre os anos 2014 a 2018 descartando os accidentes ocorridos *In itinere*. Respecto a os datos de anos coincidentes cos do estudo anterior (2014 a 2016) utilizáronse os máis recentes ao considerarse máis estables, aínda que na práctica iso só supón unha variación de décimas nas porcentaxes das variables da análise, polo que non que non inflúe nas conclusións que se poden extraer.

Este conxunto de datos pódese dividir en dous grandes grupos:

- Un grupo principal que engloba aos accidentes de traballadores cun código de ocupación CNO-2011, *84-Condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada*. Sobre este grupo realizaranse as análises de todas as variables seleccionadas.
- Outro grupo co resto de accidentes en xornada laboral declarados nos anos considerados. Este grupo serve para contrastar resultados nalgunhas variables determinadas.

Comézase a análise cos datos da evolución en xeral dos accidentes no intervalo 2014-2018 e a continuación a análise realízase, ademais de polas variables sexo e gravidade que son transversais, coas variables seguintes:

- Idade
- Tráfico
- CNO (desagregación a tres díxitos do código 84)
- Sectores económicos (das empresas en que os traballadores están contratados)
- Seccións e divisións de actividade das empresas dos traballadores accidentados
- Tipo de contrato
- Provincia das empresas
- Desviación (último acontecemento anormal que conduciu ao accidente)
- Forma ou contacto que provoca a lesión
- Tipo de lesión
- Avaliación de riscos
- Lugar do accidente

Ademais realizouse á análise, cun pequeno grupo de variables, para o persoal traballador de 55 ou máis anos de idade.

3. RESULTADOS

Evolución xeral

Na táboa a continuación móstranse os datos dos accidentes con baixa dos anos 2014 a 2018 segundo sexo e gravidade. O total dos accidentes nestes anos non deixou de aumentar ano a ano (un 29,82% nestes cinco anos). Aínda que non se dispón de datos de afiliación por ocupación e sexo, nos CNAE das empresas con maior número de persoal traballador accidentado, a proporción de homes afiliados é claramente superior ao de mulleres.

Segundo a gravidade dos accidentes, en 2016 produciuse un brusco aumento tanto de accidentes graves como mortais diminuíndo nos dous anos seguintes, sendo os accidentes mortais inferiores aos dous primeiros anos. A case totalidade dos accidentes graves (208 contra 5) e a totalidade de mortais (54) corresponden a homes.

Sexo	Gravidade	Ano de baixa					Total
		2014	2015	2016	2017	2018	
Homes	Leves	1.405	1.492	1.708	1.837	1.854	8.296
	Graves	35	37	53	44	39	208
	Mortais	11	10	19	7	7	54
	Total	1.451	1.539	1.780	1.888	1.900	8.558
Mulleres	Leves	75	65	78	69	80	367
	Graves	0	0	1	3	1	5
	Mortais	0	0	0	0	0	0
	Total	75	65	79	72	81	372
Total	Leves	1.480	1.557	1.786	1.906	1.934	8.663
	Graves	35	37	54	47	40	213
	Mortais	11	10	19	7	7	54
	Total	1.526	1.604	1.859	1.960	1.981	8.930

Táboa 1. Evolución dos accidentes segundo sexo e gravidade.

Na táboa seguinte detállanse os incrementos porcentuais interanuais segundo a gravidade entre os anos 2014 e 2018. Destácase o incremento entre os anos 2015 e 2016 e entre o inicio e o final do período. O incremento dos accidentes leves foi do 31,96%, dos graves dun 11,43% e os accidentes mortais diminúen un 36,36%, sendo o incremento do total dos accidentes nestes cinco anos dun 29,82%.

		Variación interanual				
		2015- 2014	2016- 2015	2017- 2016	2018- 2017	2018- 2014
Accidentes	Leves	5,20%	14,71%	6,72%	1,47%	31,96%
	Graves	5,71%	45,95%	-12,96%	-14,89%	11,43%
	Mortais	-9,09%	90,00%	-63,16%	0,00%	-36,36%
	Total	5,11%	15,90%	5,43%	1,07%	29,82%

Táboa 2. Variación interanual dos accidentes en porcentaxes.

Representábase na gráfica seguinte a evolución dos accidentes, onde visualmente apréciase o forte incremento entre os anos 2015 e 2016, un incremento que se atenúa nos dous anos seguintes.




Ilustración 1. Evolución dos accidentes, anos 2014 a 2018.

Para pechar coa evolución dos accidentes, a táboa e o gráfico seguintes mostran as porcentaxes dos accidentes en cada ano segundo a súa gravidade e a evolución dos accidentes graves e mortais respectivamente. Na táboa destácanse as porcentaxes dos accidentes do ano 2016 que se aprecia claramente no gráfico, coma un brusco incremento que logo descende case de xeito lineal nos accidentes graves e cae a un mesmo número nos accidentes mortais nos dous anos seguintes.

Gravidade	2014	2015	2016	2017	2018	TOTAL
Leves	96,99%	97,07%	96,07%	97,24%	97,63%	97,01%
Graves	2,29%	2,31%	2,90%	2,40%	2,02%	2,39%
Mortais	0,72%	0,62%	1,02%	0,36%	0,35%	0,60%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 3. Porcentaxes segundo gravidade dos accidentes.

Evolución dos accidentes graves e mortais




Ilustración 2. Accidentes graves e mortais dos anos 2014 a 2018.

Idade

A continuación móstranse dúas táboas e 2 gráficas: na primeira táboa aparecen o número de accidentados por grupos de idade e a porcentaxe que representa cada grupo respecto do total, na segunda táboa as porcentaxes segundo a gravidade dos accidentes de cada un destes grupos, na primeira gráfica indícanse as porcentaxes de accidentados segundo o grupo de idade no que están (os da primeira táboa) e na segunda gráfica, indícase o número de accidentes segundo a idade en anos (sen agrupar) dos accidentados.

Na táboa 4 indícanse, segundo os grupos de idade, o total de accidentados (columna Frecuencia) e noutra columna a porcentaxe correspondente respecto ao total de accidentados nos cinco anos do estudo. Os grupos de idade con maior sinistralidade son os de condutores de 45 a 54 anos co 30,82% e o de 35 a 44 anos co 29,46%. En comparación co estudo 2012-2016 apréciase o envellecemento dos accidentados sendo agora o grupo de 45 a 54 o de maior frecuencia no canto do grupo de 35 a 44.

Grupos de idade	Frecuencia	Porcentaxe %
de 16 a 19	74	0,83
de 20 a 24	487	5,45
de 25 a 34	1.739	19,47
de 35 a 44	2.631	29,46
de 45 a 54	2.752	30,82
de 55 a 65	1.234	13,82
maior de 65	13	0,15
Total	8.930	100

Táboa 4. Accidentes segundo grupos de idade.

Na táboa 5 a continuación, destácanse en amarelo as celas dos grupos de idade con porcentaxes de accidentes graves e mortais superiores ao total de accidentes en xornada. O grupo de 20 a 24 anos ten unha porcentaxe do total de accidentes graves do 5,63%, lixeiramente superior ao 5,45% dos accidentes deste grupo no total dos condutores.

O grupo de 45 a 54 anos ten un 34,27% dos graves e unha moi destacable porcentaxe do 46,30% dos accidentes mortais, moi superior nestes accidentes á porcentaxe do 30,82% dos accidentes correspondentes a este grupo de idade. É tamén significativo a gran diferenza existente entre o grupo de 45 a 54 anos e o inmediatamente anterior (de 35 a 44 anos) cuxos porcentaxes totais son moi similares: 30,82% e 29,46% pero cunha gran diferenza na gravidade dos accidentes. Outro grupo cunha gravidade de accidentes maior que a súa porcentaxe nos accidentes é o do persoal entre 55 e 65 anos, con accidentes graves e mortais case 10 puntos por encima: 23,00% dos accidentes graves e 22,22% dos accidentes mortais por un 13,82% do total dos accidentes.

Anos 2014-2018				
Grupos de idade	Leve	Grave	Mortais	Total
de 16 a 19	0,85%	0,00%	0,00%	0,83%
de 20 a 24	5,46%	5,63%	3,70%	5,45%
de 25 a 34	19,68%	12,68%	12,96%	19,47%
de 35 a 44	29,68%	24,41%	14,81%	29,46%
de 45 a 54	30,64%	34,27%	46,30%	30,82%
de 55 a 65	13,54%	23,00%	22,22%	13,82%
maior de 65	0,15%	0,00%	0,00%	0,15%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 5. Accidentes segundo grupos de idade e gravidade.

Na ilustración 3 represéntanse as porcentaxes do total dos accidentes dos distintos grupos de idade, que tamén se mostra na columna Total da táboa 5. Na ilustración 4 están representados o número de traballadores accidentados segundo os seus anos de idade, sendo **a mediana** (valor que divide os casos totais en dúas metades iguais) **de 43 anos**, representada por unha liña negra vertical. Outros estatísticos que se indican, é a media de idade que está en 42,19 anos (moi próxima á mediana) e a desviación típica que é de algo menos de 11 anos, polo que aproximadamente o 68% (en realidade moi preto do 67%) dos accidentados ten entre 31 e 53 anos. A moda ou valor máis frecuente é o mesmo que o do estudo anterior: 46 anos.




Ilustración 3. Representación das porcentaxes de accidentados en cada grupo de idade.




Ilustración 4. Representación do número de condutores profesionais accidentados segundo a súa idade en anos.

As táboas 6 e 7 mostran para o ano 2018 as porcentaxes segundo grupos de idade dos condutores accidentados e do total de cotizantes das continxencias profesionais no mesmo ano. Na táboa 7, o grupo de idade con maior porcentaxe de cotizantes co 31,03% segue sendo o de 35 a 44 anos (cunha lixeira diminución de 90 centésimas respecto a os datos do estudo anterior que eran de 2016), seguido do grupo de 45 a 54 anos co 27,83% (algo máis de 1 punto respecto a os datos do 2016). Pola contra, se no 2016 o grupo de 35 a 44 era o de maior sinistralidade (iso si cunha

diferenza de 46 centésimas respecto ao de 45 a 54 anos), no 2018 o grupo de 45 a 54 anos é claramente o grupo de idade con maior sinistralidade co 32,56%, seguido do grupo de 35 a 54 anos co 27,26%. Tamén se pode destacar que se no 2016, o grupo con maior porcentaxe de accidentes graves era o de 45 a 54 anos, en 2018, é o grupo de 55 a 65 anos co 32,50%.

2018				
Grupos de idade (Condutores)	Leve	Grave	Mortais	Total
de 16 a 19	0,93%	0,00%	0,00%	0,91%
de 20 a 24	5,95%	5,00%	0,00%	5,91%
de 25 a 34	19,13%	15,00%	0,00%	18,98%
de 35 a 44	27,35%	22,50%	28,57%	27,26%
de 45 a 54	32,63%	25,00%	57,14%	32,56%
de 55 a 65	13,96%	32,50%	14,29%	14,34%
maior de 65	0,05%	0,00%	0,00%	0,05%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 6. Accidentes segundo grupos de idade e gravidade, 2018

Cotización por grupos de idade (Galicia)	2018		
	Homes	Mulleres	Total
De 16 a 19 anos	0,54%	0,37%	0,46%
De 20 a 24	4,17%	3,56%	3,87%
De 25 a 34	19,27%	19,14%	19,20%
De 35 a 44	31,17%	30,89%	31,03%
De 45 a 54	27,77%	27,89%	27,83%
De 55 a 65	16,50%	17,31%	16,90%
Maior de 65	0,59%	0,83%	0,71%
Total	100%	100%	100%

Táboa 7. Porcentaxes do persoal traballador cotizante segundo grupos de idade e sexo, 2018.

Tráfico

Na ilustración 5 pódese observar a evolución das porcentaxes de accidentes en xornada laboral, tanto os considerados como de tráfico como os que non. Pódese apreciar unha moi lixeira tendencia ao aumento do número de accidentes de tráfico, sendo a media en porcentaxe destes accidentes nestes anos do 21,27%, cun mínimo en 2015 do 19,76% e un máximo en 2018 de 23,27%. Esta porcentaxe do 21,27% supera ao 20,75% de media do período 2012-2016 do estudo sobre condutores anterior.




Ilustración 5. Porcentaxes de accidentes considerados coma de tráfico. 2014-2018.

Na táboa 8 detállanse as porcentaxes de accidentes segundo sexan de tráfico ou non e a súa gravidade. No conxunto destes 5 anos, os accidentes graves de tráfico en xornada laboral supoñen o 27,70% dos accidentes graves (unha gravidade maior á que expresa a porcentaxe dos accidentes de tráfico no total de accidentes de tráfico dos condutores que é do 21,27%) o que mostra unha diminución da gravidade respecto ao estudo anterior que para o intervalo 2012-2016 a porcentaxe de graves foi do 32,85%. Os accidentes mortais de tráfico pola contra, son o 53,70% (porcentaxe considerablemente maior que o xa citado 21,27%) e superior ao 50,91% do estudo anterior. Desde a porcentaxe máxima de accidentes graves de tráfico do ano 2015, o 29,73%, estes accidentes mostran unha tendencia descendente dentro do total de accidentes graves en xornada laboral. Nos accidentes mortais, desde os mínimos de 2015 (o 50,00%) e 2016 (o 42,11%), nos dous últimos anos as porcentaxes superan o 53,70% de accidentes mortais de tráfico nestes cinco anos: o 71,43% en 2017 e o 57,14% en 2018.

Ano de baixa	Accidente de tráfico	Gravidade			Total
		Leve	Grave	Mortal	
2014	Non	79,53%	74,29%	36,36%	79,10%
	Si	20,47%	25,71%	63,64%	20,90%
	Total	100%	100%	100%	100%
2015	Non	80,67%	70,27%	50,00%	80,24%
	Si	19,33%	29,73%	50,00%	19,76%
	Total	100%	100%	100%	100%
2016	Non	78,72%	70,37%	57,89%	78,27%
	Si	21,28%	29,63%	42,11%	21,73%
	Total	100%	100%	100%	100%
2017	Non	80,06%	72,34%	28,57%	79,69%
	Si	19,94%	27,66%	71,43%	20,31%
	Total	100%	100%	100%	100%
2018	Non	76,89%	75,00%	42,86%	76,73%
	Si	23,11%	25,00%	57,14%	23,27%
	Total	100%	100%	100%	100%
TOTAL	Non	79,10%	72,30%	46,30%	78,73%
	Si	20,90%	27,70%	53,70%	21,27%
	Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 8. Porcentaxes de accidentes de tráfico segundo a súa gravidade. 2014 a 2018.

Na táboa 9, detállanse as porcentaxes de accidentes sexan ou non de tráfico dos condutores de vehículos de transporte urbano ou por estrada, que no [Código Nacional de Ocupación \(CNO-2011\)](#) codifícanse a dous díxitos co 84 e se desagregan a tres díxitos nesta táboa para detectar variacións na sinistralidade dependendo do tipo de vehículo que conducen. Os *Condutores de ciclomotores e motocicletas* (CNO 844) teñen unha sinistralidade en sentido oposto aos outros grupos de condutores profesionais, sendo os accidentes de tráfico co 85,54% o principal tipo de accidentes, e moi superior á porcentaxe do seguinte grupo de condutores, o 22,96%, dos *Condutores de automóbiles, taxis e furgonetas* (CNO 841) e o 13,31% dos *Condutores de autobuses e tranvías* (CNO 842). Os accidentes laborais en xornada laboral dos *Condutores de camiións* (CNO 843) son maioría dos accidentes dos condutores profesionais co 61,53%, pero a súa proporción de accidentes de tráfico é a menor de todos os grupos co 8,35%. Comparando as porcentaxes de accidentes dos distintos grupos de condutores cos do estudo anterior, todas as porcentaxes correspondentes aos accidentes de tráfico diminúen, sendo o maior descenso no código 841, o 24,70% no estudo de 2012 a 2016 e o 22,96% neste de 2014 a 2018. No que se refire ao total de accidentes de cada grupo de condutores, aumentan nos *Condutores de automóbiles, taxis e furgonetas* (de 22,53% a 23,02%) e nos *Condutores de ciclomotores e motocicletas* (de 10,39% a 12,16%).

Accidente de tráfico?	Código CNO-2011				Total
	841	842	843	844	
Non	77,04%	86,69%	91,65%	14,46%	78,73%
Sí	22,96%	13,31%	8,35%	85,54%	21,27%
Total	100%	100%	100%	100%	100%
% do total do período	23,02%	3,28%	61,53%	12,16%	100%

Táboa 9. Porcentaxes de accidentes tráfico segundo grupos de condutores a tres díxitos do CNO-2011.

Buscando determinar a influencia da idade na maior ou menor proporción dos accidentes de tráfico nos condutores profesionais, nos condutores dos grupos de idade ata 34 anos, tal como detállase na táboa 10, os accidentes de tráfico teñen unha gran importancia, sendo as porcentaxes destes accidentes claramente superiores ao total da sinistralidade do correspondente grupo de idade.

En comparación co estudo anterior, en varios dos grupos de idade a porcentaxe de accidentes de tráfico aumentou. A porcentaxe dos accidentes de tráfico do grupo de 25 a 34 anos é agora do 35,28% do total cun 19,47% de todos os accidentes en xornada laboral mentres que no estudo anterior era o 32,73% cun 20,13% de todos os accidentes. O grupo de 20 a 24 anos, ten agora un 18,90% dos accidentes de tráfico co 5,45% do total de accidentes mentres que no anterior era do 18,52% cun 5,28% dos accidentes. No grupo de 55 a 65 anos, aínda sendo un grupo onde a sinistralidade de tráfico ten menos importancia numérica en relación ao conxunto da sinistralidade dos condutores, os seus accidentes de tráfico son agora o 7,27% de todos estes accidentes e o total dos seus accidentes o 13,82% de todos os accidentes dos condutores en xornada laboral mentres que no anterior estudo as súas porcentaxes eran do 6,30% e 13,00% respectivamente.

Idade	Accidente_de_tráfico?		Total
	Non	Si	
de 16 a 19	0,11 %	3,48 %	0,83 %
de 20 a 24	1,82 %	18,90 %	5,45 %
de 25 a 34	15,20 %	35,28 %	19,47 %
de 35 a 44	32,13 %	19,59 %	29,46 %
de 45 a 54	34,97 %	15,43 %	30,82 %
de 55 a 65	15,59 %	7,27 %	13,82 %
maior de 65	0,17 %	0,05 %	0,15 %
Total	100%	100%	100%

Táboa 10. Porcentaxes de accidentes de tráfico segundo a idade.

Sector

Na táboa seguinte, detállanse as porcentaxes segundo o sector da empresa do condutor e a gravidade do accidente. A porcentaxe máis destacable é o total de accidentes graves da construción, o 7,51%, claramente superior ao deste sector no total de accidentes, o 4,39%. Son lixeiramente superiores as porcentaxes de accidentes graves e mortais da agricultura (1,41% e 1,85% respectivamente) ao do total do sector 0,74%, o 12,68% de accidentes graves da industria que ten o 11,15% do total de accidentes e a porcentaxe de mortais do sector servizos 85,19% respecto ao dos accidentes do sector no total, o 83,71%.

Sector (empresa)	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
Agricultura	0,72%	1,41%	1,85%	0,74%
Pesca	0,01%	0,00%	0,00%	0,01%
Industria	11,13%	12,68%	9,26%	11,15%
Construción	4,32%	7,51%	3,70%	4,39%
Servizos	83,83%	78,40%	85,19%	83,71%
TOTAL	100%	100%	100%	100%

Táboa 11. Porcentaxes de accidentes nos sectores das empresas dos accidentados segundo a gravidade.

Na táboa 12 se desagregan os accidentes dos condutores dos distintos tipos de vehículo nos distintos sectores de actividade e pola gravidade dos mesmos expresado en porcentaxes. En todos os grupos de condutores o sector con maior número de accidentes (é o sector máis grande con diferenza) é o sector **servizos**, con porcentaxes que van desde o 78,94% nos Condutores de camiós ao 99,66% nos Condutores de autobuses e tranvías. Son porcentaxes destacables dentro dos deste sector, o 100% dos accidentes mortais nos Condutores de automóviles, taxis e furgonetas e o 82,22% de accidentes mortais nos Condutores de camiós. Porcentaxes destacables dentro da **industria** son o 15,38% dos accidentes graves dos Condutores de automóviles, taxis e furgonetas e o 15,13% dos accidentes graves dos Condutores de camiós. Da **construción** pódese destacar o 10,53% dos accidentes graves dos Condutores de camiós e tamén destes condutores o 1,97% dos accidentes graves e 2,22% dos mortais do sector da agricultura.

CNO 2011/SECTOR			Gravidade			Total
			Leve	Grave	Mortal	
841	Sector Empresa	Agricultura	0,25%	0,00%	0,00%	0,24%
		Industria	11,76%	15,38%	0,00%	11,77%
		Construcción	0,84%	0,00%	0,00%	0,83%
		Servizos	87,15%	84,62%	100,00%	87,16%
	Total		100%	100%	100%	100%
842	Sector Empresa	Construcción	0,35%	0,00%	0,00%	0,34%
		Servizos	99,65%	100,00%	100,00%	99,66%
	Total		100%	100%	100%	100%
843	Sector Empresa	Agricultura	1,08%	1,97%	2,22%	1,11%
		Pesca	0,02%	0,00%	0,00%	0,02%
		Industria	13,08%	15,13%	11,11%	13,12%
		Construcción	6,72%	10,53%	4,44%	6,81%
	Servizos	79,11%	72,37%	82,22%	78,94%	
Total		100%	100%	100%	100%	
844	Sector Empresa	Industria	3,11%	0,00%	0,00%	3,04%
		Servizos	96,89%	100,00%	100,00%	96,96%
	Total		100%	100%	100%	100%

Táboa 12. Porcentaxes de accidentes dos condutores dos tipos de vehículos segundo sectores e gravidade.

Nas táboas 13 e 14 a continuación móstranse as porcentaxes segundo as [seccións e divisións](#) do CNAE-2009 das empresas dos traballadores accidentados. Na táboa 14 destácanse con cor vermella as divisións cuxos porcentaxes acumuladas suman máis do 80% dos accidentes, indicándose á beira da división a sección (indicada pola súa letra) á que pertencen, no [Anexo](#) atópase a táboa completa do CNAE-2009 a dous díxitos para a súa consulta. A porcentaxe total acumulada da táboa 14 non suma o 100% para acurtar o seu tamaño, pero está ordenada de maior a menor porcentaxe. Na táboa 13 detállanse ordenadas de maior a menor porcentaxe as seccións do CNAE-2009 con maior número de accidentes de condutores profesionais, destacándose con cores tanto as seccións cuxas divisións suman un pouco máis do 80% (o 81,53% da táboa 14) como as 3 seccións inmediatamente seguintes en porcentaxe.

Sección	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
H	47,63	47,63
G	19,79	67,41
I	8,87	76,28
C	8,14	84,42
F	4,39	88,81
E	2,25	91,06
Q	2,06	93,12
N	2,04	95,16
O	1,70	96,86
A	0,75	97,61
B	0,68	98,30

S	0,62	98,91
M	0,46	99,37
J	0,29	99,66
P	0,12	99,79
R	0,10	99,89
D	0,08	99,97
L	0,02	99,99
T	0,01	100
Total	100	

Táboa 13. Seccións (CNAE-2009) das empresas dos traballadores accidentados.

<u>División</u>	Sección	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
49	H	42,45	42,45
46	G	14,30	56,75
56	I	8,84	65,59
10	C	4,09	69,68
47	G	4,01	73,68
53	H	3,64	77,32
43	F	2,17	79,50
38	E	2,04	81,53
84	O	1,70	83,24
86	Q	1,70	84,94
41	F	1,62	86,56
45	G	1,48	88,04
52	H	1,48	89,52
23	C	1,25	90,77
16	C	0,71	91,48
8	B	0,67	92,15
42	F	0,59	92,74
82	N	0,58	93,33
78	N	0,55	93,87
96	S	0,55	94,42
77	N	0,52	94,94
81	N	0,39	95,33
1	A	0,37	95,70
2	A	0,37	96,07
25	C	0,36	96,43
11	C	0,28	96,71
60	J	0,27	96,98
		96,98	

Táboa 14. Divisións e Seccións (CNAE-2009) das empresas dos traballadores accidentados.

Tipo de contrato

Na táboa 15 indícanse as porcentaxes anuais de accidentes segundo o tipo de contrato. Destácanse con cor as porcentaxes anuais superiores á porcentaxe respecto ao total dos 5 anos. A porcentaxe de traballadores autónomos accidentados mostra unha tendencia descendente dentro do conxunto dos traballadores, cun 3,14% en 2014 e o 2,07% no 2018. Os traballadores con contrato indefinido tamén mostran unha tendencia descendente na súa porcentaxe desde o 70,25% en 2014 a 65,57% en 2018. Os traballadores con contrato temporal ou de duración determinada son os que mostran unha clara tendencia ascendente da súa proporción dos condutores profesionais accidentados nestes 5 anos, desde un 26,34% en 2014 ao 32,36% en 2018.

Tipo de Contrato	Ano de baixa					Total
	2014	2015	2016	2017	2018	
Autónomos	3,41%	1,87%	3,17%	2,50%	2,07%	2,59%
Indefinidos	70,25%	69,08%	65,79%	66,28%	65,57%	67,20%
Temporais e Duración determinada	26,34%	29,05%	31,04%	31,22%	32,36%	30,21%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 15. Porcentaxes de accidentados segundo tipo de contrato e ano.

Na táboa seguinte detállase a gravidade dos condutores accidentados segundo o seu tipo de contrato. Os traballadores con contrato temporal e de duración determinada teñen unha porcentaxe de accidentes graves superior á súa proporción do total de accidentes e os autónomos de accidentes mortais. Respecto ao estudo anterior, a porcentaxe de accidentes mortais dos temporais descendeu lixeiramente, sendo suficiente para ser inferior á porcentaxe do total de accidentes que aumentou claramente.

Tipo de Contrato	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
Autónomos	2,62%	0,94%	3,70%	2,59%
Indefinidos	67,32%	62,44%	66,67%	67,20%
Temporais e Duración determinada	30,06%	36,62%	29,63%	30,21%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 16. Porcentaxes de accidentados segundo tipo de contrato e gravidade.

Na táboa 17 a continuación, móstranse as porcentaxes de accidentados segundo a situación profesional e a gravidade dos accidentados. Os asalariados do sector privado cun 97,18% dos accidentes graves para unha porcentaxe do total do 94,62% e os traballadores autónomos sen asalariados cunha porcentaxe do 3,70% dos mortais cun 1,96% do total de accidentes, son os grupos de traballadores cunha porcentaxe de accidentes de gravidade superior á súa proporción do total.

Situación profesional	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
Asalariado sector privado	94,56%	97,18%	94,44%	94,62%
Asalariado sector público	2,82%	1,88%	1,85%	2,79%
Autónomo con asalariados	0,63%	0,47%	0,00%	0,63%
Autónomo sen asalariados	1,99%	0,47%	3,70%	1,96%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 17. Porcentaxes de accidentados segundo a súa situación profesional e gravidade.

Provincia

Na táboa 18 e a ilustración 6 seguintes represéntanse a distribución anual dos accidentes dos condutores profesionais por provincia da empresa e na ilustración 7 as porcentaxes anuais do total dos accidentes no intervalo de cada provincia.

Provincia da empresa	Ano de baixa					Total
	2014	2015	2016	2017	2018	
A Coruña	589	647	738	817	785	3.576
Lugo	224	210	221	238	245	1.138
Ourense	208	166	226	238	230	1.068
Pontevedra	505	581	674	667	721	3.148
Total	1.526	1.604	1.859	1.960	1.981	8.930

Táboa 18. Accidentes en xornada laboral dos condutores por provincia da empresa e ano.

A Coruña é a provincia con maior número de accidentados, o 40,04% do total nos 5 anos deste estudo, porcentaxe lixeiramente inferior ao 41,20% do estudo anterior. Tanto A Coruña como Lugo, descenden nas súas porcentaxes de accidentes mentres que Ourense (moi lixeiramente ata o 11,96%) e Pontevedra aumentan (esta última, do 33,42% ao 35,25%).

Entre 2014 e 2018 as provincias de Pontevedra e A Coruña aumentaron as súas porcentaxes de accidentes no total de Galicia mentres que Lugo e Ourense diminuíron.




Ilustración 6. Porcentaxes de accidentes por provincia da empresa e ano.

Na ilustración 7 represéntanse as porcentaxes anuais de cada provincia do total dos accidentes de cada unha nestes 5 anos, para visualizar a evolución dos accidentes no período. Aínda que cun claro descenso no ano 2015 nas provincias de Ourense e Lugo, a evolución de todas elas e do total de Galicia é dun claro aumento dos accidentes aínda coa diminución dos accidentes en 2018 na Coruña e Ourense.

A evolución de cada provincia (dentro da tendencia xeral ao aumento de accidentes) é distinta:

- Na Coruña, os accidentes aumentaron desde o mínimo de 2014 seguindo a evolución de Galicia ata o máximo de 2017 sendo o incremento nestes 5 anos do 33,28%.
- En Lugo desde o mínimo de 2015 os accidentes aumentaron monotonamente, cun incremento desde 2014 do 9,38%.
- En Ourense rexistrouse en 2015 un gran descenso do número de accidentes, aumentando nos dous anos seguintes cun lixeiro descenso en 2018, para un incremento no intervalo do 10,58%.
- En Pontevedra o aumento foi especialmente claro entre 2014 e 2016, diminuindo en 2017 para volver aumentar en 2018, experimentando o maior aumento da sinistralidade dos condutores do 42,77%.




Ilustración 7. Porcentaxe anual de cada provincia nos accidentes dos cinco anos en cada unha delas.

Para facer unha comparación da evolución dos accidentes, na táboa 19 e as ilustracións 8 e 9 detállanse os accidentes anuais dos traballadores que non se accidentaron desenvolvendo unha actividade profesional como condutores. Os accidentes dos condutores profesionais (ilustración 6) en cada provincia presentan unhas **variacións entre as porcentaxes máximas e mínimos moi similares** nas catro provincias (preto dun 3%), sendo menores as variacións das porcentaxes máximas e mínimos de accidentes de cada provincia menores entre os non condutores (Táboa 19) pero **presentando unha maior variación** (máxima na Coruña: 2,12%, mínima en Lugo: 0,42%).

Provincia	Ano de baixa					Total
	2014	2015	2016	2017	2018	
A Coruña	44,38%	43,40%	43,32%	43,48%	42,25%	43,33%
Lugo	10,36%	10,50%	10,09%	10,12%	10,38%	10,29%
Ourense	10,21%	10,48%	9,90%	10,34%	10,65%	10,33%
Pontevedra	35,06%	35,62%	36,69%	36,06%	36,71%	36,06%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 19. Porcentaxes de accidentes anuais por provincias agás condutores.

Facendo a comparación das porcentaxes de accidentes por provincias das ilustracións 6 e 8, as diferenzas e similitudes son as seguintes:

- Na Coruña, os accidentes dos **condutores** presentan unha variabilidade con valores entre o 38,60% dos accidentes en 2014 e o 41,68% en 2017, para unha porcentaxe no intervalo do 40,04%, mentres que nos **non-condutores** os valores están entre o 42,25% en 2018 e o 44,38% en 2014, para unha porcentaxe no intervalo do 43,33%.
- En Lugo a variabilidade dos accidentes tamén é lixeiramente maior entre os **condutores** con porcentaxes entre o 11,89% en 2016 e o 14,68% en 2014 cunha porcentaxe no intervalo do 12,74%, mentres que as porcentaxes de accidentes dos **non-condutores** da provincia presenta moi pouca variación con valores entre o 10,09% de 2016 e o 10,50% en 2015, para unha porcentaxe no intervalo do 10,29%.
- En Ourense a variabilidade dos accidentes entre os condutores está entre o 10,35% en 2015 e o 13,63% en 2014, cunha porcentaxe no intervalo do 11,96%, mentres que nos **non-condutores** as porcentaxes oscilan entre o 9,90% en 2016 e o 10,65% en 2018, para unha porcentaxe no intervalo do 10,33%.
- En Pontevedra as porcentaxes de accidentes laborais dos **condutores** oscilaron entre o 33,09% en 2014 e o 36,26% en 2016, cunha porcentaxe no intervalo do 35,25%, mentres que entre os **non-condutores** as porcentaxes estiveron entre o 35,06% en 2014 e o 36,71% en 2018, cunha porcentaxe no período do 36,06%.




Ilustración 8. Distribución en porcentaxes por provincias dos accidentes dos traballadores agás condutores.

Da comparación das porcentaxes de accidentes nestes cinco anos en cada provincia entre os datos das ilustracións 7 e 9, obtense as seguintes conclusións por provincia:

- Na Coruña os accidentes dos **condutores** mostran un crecemento entre o 16,47% en 2014 e o 22,85% en 2017, co 21,95% dos accidentes do intervalo no 2018. Entre os **non-condutores** a variabilidade entre as porcentaxes maiores e menores de accidentes é menor, cun crecemento monótono entre o 18,53% en 2014 e o 21,42% en 2018.
- En Lugo os accidentes dos **condutores** aumentan desde o mínimo do 18,45% en 2015 ata o máximo do 21,53% en 2018, o valor do 2014 do 19,68% dos accidentes destes cinco anos non é superado ata o 2017 (este descenso entre os anos 2014 e 2015 tamén se dá en Ourense, pero máis acusado). A variación das porcentaxes de accidentes na provincia é o menor das galegas. As porcentaxes de accidentes dos **non-condutores** crecen desde o 18,21% en 2014 ata o 22,16% en 2018 aínda que o crecemento non é monótono: en 2015 porcentaxe foi do 19,86% e en 2016 do 19,46%.

- En Ourense os accidentes aumentan desde ou 19,48% en 2014 ata ou 21,54% en 2018, coa menor porcentaxe en 2015 (ou 15,54%) e ou máximo en 2017 (o 22,28%). Accidentes dos **non-condutores** aumentaron desde ou 17,89% en 2014 ata ou 22,65% en 2018, cunha lixeira diminución entre 2015 (o 19,75%) e 2016 (o 19,03%).
- En Pontevedra os accidentes aumentan entre os condutores desde o 16,04% en 2014 e o 22,90% en 2018 cunha lixeira diminución entre 2016 (o 21,41%) e 2017 (o 21,19%). Os accidentes entre os **non-condutores** aumentaron monotonamente entre o 17,59% en 2014 e o 22,36% en 2018, mostrando unha variabilidade das porcentaxes lixeiramente menor que nos condutores.




Ilustración 9. Evolución anual das porcentaxes de accidentes de cada provincia dos non-condutores profesionais.

Para rematar a comparativa da sinistralidade dos condutores profesionais respecto dos non-condutores, na táboa 20 detállanse as porcentaxes dos accidentes anuais e o total do período de ambos segundo a gravidade dos mesmos. As porcentaxes de accidentes graves e mortais dos condutores son claramente superiores aos dos non-condutores.

ANOS	CONDUCTORES			NON-CONDUCTORES		
	Leves	Graves	Mortais	Leves	Graves	Mortais
2014	96,99%	2,29%	0,72%	98,07%	1,70%	0,24%
2015	97,07%	2,31%	0,62%	98,33%	1,46%	0,20%
2016	96,07%	2,90%	1,02%	97,92%	1,92%	0,17%
2017	97,24%	2,40%	0,36%	98,28%	1,58%	0,14%
2018	97,63%	2,02%	0,35%	98,35%	1,50%	0,15%
TOTAL	97,01%	2,39%	0,60%	98,19%	1,63%	0,18%

Táboa 20. Porcentaxes anuais de accidentes segundo a gravidade de condutores e non-condutores.

Para terminar esta sección, nas táboas 21 e 22 a continuación, indícanse as porcentaxes de accidentes de condutores profesionais de 55 anos ou maiores. Na táboa 21 as porcentaxes refírense á proporción de accidentes das empresas de cada provincia respecto ao total en Galicia

e na táboa 22 as porcentaxes deste grupo de idade dentro do total de accidentes dos condutores profesionais.

Na táboa 21 destácanse con cor as porcentaxes anuais de cada provincia que superan a porcentaxe total da provincia no total dos 5 anos. Cos datos da táboa 18, as porcentaxes totais de condutores de cada provincia son os seguintes: A Coruña, o 40,04% dos accidentes, Lugo o 12,74% , Ourense o 11,96% e Pontevedra o 35,25%. **Comparando as dúas táboas**, son as provincias da Coruña co 41,30% dos accidentados de 55 ou máis anos e Ourense co 12,51% onde estes condutores de maior idade accídéntanse máis que a proporción do total de condutores.

Provincia da empresa	Ano de baixa					Total
	2014	2015	2016	2017	2018	
A Coruña	41,09%	36,11%	47,29%	42,66%	38,60%	41,30%
Lugo	14,36%	17,13%	11,24%	10,84%	11,58%	12,75%
Ourense	13,37%	11,11%	10,85%	13,99%	12,98%	12,51%
Pontevedra	31,19%	35,65%	30,62%	32,52%	36,84%	33,44%
Total	100%	100%	100%	100%	100%	100%

Táboa 21. Porcentaxes de accidentes dos condutores de 55 anos ou maiores, distribución por provincias.

Na táboa 22, as porcentaxes expresan a proporción dos traballadores de 55 ou máis anos accidentados en relación co total de condutores profesionais accidentados. Ourense e A Coruña, como se comentou no parágrafo anterior, son as provincias coas maiores porcentaxes de condutores de maior idade. Comparando coa mesma táboa do estudo anterior, agás Lugo en que a porcentaxe diminúe do 15,09% ao 13,97% nas demais provincias os traballadores de maior idade aumentan a súa porcentaxe de accidentes: Pontevedra de 13,01% ao 13,25%, Ourense do 13,11% ao 14,61% e A Coruña do 12,69% ao 14,40%, cun aumento da porcentaxe en Galicia desde o 13,17% ao 13,96%.

Provincia da empresa	Ano de baixa					Total
	2014	2015	2016	2017	2018	
A Coruña	14,09%	12,06%	16,53%	14,93%	14,01%	14,40%
Lugo	12,95%	17,62%	13,12%	13,03%	13,47%	13,97%
Ourense	12,98%	14,46%	12,39%	16,81%	16,09%	14,61%
Pontevedra	12,48%	13,25%	11,72%	13,94%	14,56%	13,25%
Total	13,24%	13,47%	13,88%	14,59%	14,39%	13,96%

Táboa 22. Porcentaxes de accidentes dos condutores de 55 anos ou maiores do total dos accidentes dos condutores profesionais.

Desviación

Nas dúas táboas a continuación detállanse as porcentaxes das desviacións ou feitos anormais que levaron a que se producisen os accidentes nos 5 anos do estudo, todos os condutores profesionais na primeira táboa e só os de 55 anos e maiores na segunda. As porcentaxes desagreganse segundo os grupos de desviacións e a gravidade dos accidentes.

Na táboa 23, correspondente a todos os condutores, as desviacións máis destacables en función de maiores porcentaxes totais e a gravidade dos accidentes son: *Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico* (o 32,99% dos accidentes), *Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais* (o 31,31% dos accidentes co 55,56% dos mortais e o 35,68% dos graves), *Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída* (o 19,34% dos accidentes co 27,23% dos graves), *Outras ou sen información*, case a única nos non-traumáticos, (o 29,63% dos mortais e o 9,86% dos graves).

En comparación co estudo anterior, a *Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais* (aumento da porcentaxe no total de 30,07% ao 31,31% e dos mortais do 50,91% ao 55,56%) o *Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico* (aumento no total do 29,65% ao 32,99% e nos mortais do 1,82% ao 3,70%) e a *Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída* (diminución en porcentaxe no total de 19,54% ao 19,34%, dos mortais do 9,09% ao 5,56% e aumento dos graves do 25,12% ao 27,23%) mantéñense como os tres grupos de desviación máis frecuentes nos accidentes dos condutores.

Desviación	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
Outras ou sen información	0,39%	9,86%	29,63%	0,80%
Desviación por problema eléctrico, explosión, lume	0,24%	0,94%	0,00%	0,26%
Desviación por desbordamento, envorco, escape, derrame, emanación	1,00%	2,35%	0,00%	1,03%
Rotura, estalido, esvaramento, caída, derrubamento de Axente material	4,63%	7,98%	0,00%	4,68%
Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais	31,05%	35,68%	55,56%	31,31%
Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída	19,23%	27,23%	5,56%	19,34%
Movemento do corpo sen esforzo físico engadido	8,40%	8,45%	3,70%	8,38%
Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico	33,83%	6,10%	3,70%	32,99%
Sorpresa, medo, violencia, agresión, ameaza, presenza	1,21%	1,41%	1,85%	1,22%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 23. Porcentaxes das desviacións que levaron aos accidentes dos condutores.

Na táboa 24 as porcentaxes segundo os grupos de desviación e gravidade son os correspondentes aos condutores profesionais de 55 anos e maiores. **Comparando coa táboa 23**, o *Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico* ten unha porcentaxe inferior (29,91% por 32,99% o conxunto dos condutores), a *Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais*, unhas porcentaxes inferiores: 26,53% nos graves, 41,67% nos mortais, **no estudo anterior era o 25%** e o 23,74% no total, por 35,68% nos graves, 55,56% nos mortais e o 31,31% no total dos condutores e, do mesmo xeito que no estudo anterior, a *Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída*- convértese no segundo grupo de desviación co 26,78% nos accidentes dos traballadores de 55 ou máis anos, mentres que no conxunto dos condutores é o 19,34%. O grupo de *Outras ou sen información* (onde están a maioría dos non-traumáticos) está presente no 50% dos accidentes mortais e o 20,41% dos graves **sendo as porcentaxes no estudo anterior** do 50% dos mortais e o 5,71% dos graves.

Desviación	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
Outras ou sen información	0,76%	20,41%	50,00%	2,00%
Desviación por problema eléctrico, explosión, lume	0,17%	0,00%	0,00%	0,16%
Desviación por desbordamento, envorco, escape, derrame, emanación	1,35%	4,08%	0,00%	1,44%
Rotura, estalido, esvaramento, caída, derrubamento de Axente material	5,56%	6,12%	0,00%	5,53%
Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais	23,44%	26,53%	41,67%	23,74%
Caída de persoas - esvarón ou tropeazón con caída	27,07%	26,53%	0,00%	26,78%
Movemento do corpo sen esforzo físico engadido	9,87%	2,04%	0,00%	9,46%
Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico.	30,94%	10,20%	8,33%	29,91%
Sorpresa, medo, violencia, agresión, ameaza, presenza	0,84%	4,08%	0,00%	0,96%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 24. Porcentaxes das desviacións que levaron aos accidentes dos condutores de 55 anos ou maiores.

Forma

A agrupación expresada en porcentaxes dos accidentes segundo a forma ou contacto que provocou a lesión detállanse segundo a gravidade e os grupos de idade nas táboas da 25 á 27.

Na táboa 24 indícase a frecuencia en porcentaxes dos distintos grupos de formas ou contactos que produciron lesións segundo a gravidade das mesmas. Destácanse con cores e en grosa as formas máis frecuentes e aquelas porcentaxes dos accidentes graves e mortais máis importantes.

Os *Sobreesforzos* son a forma máis frecuente co 32,15% dos accidentes, seguidos de *Golpe contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento* (o que inclúe cando conducindo un vehículo choca contra algo inmóbil) co 30,77% do total e o 35,68% dos accidentes graves e de *Choque ou golpe contra un obxecto en movemento* (o que inclúe os atropelos os choques entre dous vehículos) o 27,44% do total co 34,27% dos accidentes graves e o 37,04% dos mortais.

Pola súa gravidade destácanse: os *Infartos, derramos cerebrais e outras patoloxías non traumáticas* co 14,55% dos graves e o 37,04% dos mortais e *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación* co 11,27% dos graves e o 16,67% dos mortais.

Forma	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
Outros contactos ou Sen información	0,02%	0,00%	0,00%	0,02%
Contacto eléctrico, con lume, temperaturas ou substancias perigosas	0,80%	1,41%	0,00%	0,81%
Afogamento, sepultamento	0,08%	0,00%	0,00%	0,08%
Golpe contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento	30,80%	35,68%	7,41%	30,77%
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento	27,21%	34,27%	37,04%	27,44%
Contacto con axente material cortante, punzante, duro.	2,74%	0,94%	0,00%	2,68%
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	3,90%	11,27%	16,67%	4,15%
Trauma psíquico, radiacións, ruído, etc.	0,43%	0,47%	1,85%	0,44%
Sobreesforzos	33,11%	1,41%	0,00%	32,15%
Mordedelas, couces, etc. (de animais ou persoas)	0,51%	0,00%	0,00%	0,49%
Infartos, derramos cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,42%	14,55%	37,04%	0,97%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 25. Porcentaxes dos accidentes dos condutores segundo forma e gravidade.

A táboa 26 corresponde cos accidentes dos condutores de 55 ou máis anos, existindo diferenzas nas porcentaxes das 3 principais formas de contacto e noutras formas destacables pola porcentaxe de accidentes graves ou mortais.

A principal forma ou contacto que produciu a lesión é o grupo *Golpe contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento* co 35,61% do total dos accidentes, superior ao 30,77% do total de condutores. A segunda forma son os *Sobreesforzos* co 29,35% dos accidentes, porcentaxe inferior ao 32,15% do total de condutores. O terceiro grupo é o *Choque ou golpe contra un obxecto en movemento* co 23,90% do total de accidentes, o 28,57% dos graves e o 33,33% dos mortais, porcentaxes todos eles inferiores no conxunto dos condutores que son: o 27,44% no total de accidentes, 34,27% nos graves e 37,04% nos mortais.

Naquelas formas ou contactos que se destacan polas súas elevadas porcentaxes de accidentes graves e mortais, tamén existen diferenzas. Nos traballadores de 55 ou máis anos os *Infartos, derramos cerebrais e outras patoloxías non traumáticas* son o 26,53% dos accidentes graves e o 58,33% dos accidentes mortais (porcentaxe esta última inferior ao do anterior estudo que era do 66,67% pero que segue sendo moi importante), mentres que no total dos condutores estas formas ou contactos producen o 14,55% dos accidentes graves e o 37,04% dos mortais.

Na forma ou contacto *Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación* as porcentaxes de accidentes graves e mortais son o 4,08% e o 0,00% respectivamente mentres que no conxunto dos condutores son o 11,27% dos graves e o 16,67% dos mortais.

Forma	Gravidade			Total
	Leve	Grave	Mortal	
Outros contactos ou Sen información	0,08%	0,00%	0,00%	0,08%
Contacto eléctrico, con lume, temperaturas ou substancias perigosas	1,01%	2,04%	0,00%	1,04%
Afogamento, sepultamento	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Golpe contra un obxecto inmóbil, traballador en movemento	35,92%	34,69%	8,33%	35,61%
Choque ou golpe contra un obxecto en movemento	23,61%	28,57%	33,33%	23,90%
Contacto con axente material cortante, punzante, duro.	2,53%	0,00%	0,00%	2,41%
Quedar atrapado, ser esmagado, sufrir unha amputación	4,22%	4,08%	0,00%	4,17%
Trauma psíquico, radiacións, ruído, etc.	0,42%	2,04%	0,00%	0,48%
Sobreesforzos	30,78%	2,04%	0,00%	29,35%
Mordedelas, couces, etc. (de animais ou persoas)	0,59%	0,00%	0,00%	0,56%
Infartos, derramos cerebrais e outras patoloxías non traumáticas	0,84%	26,53%	58,33%	2,41%
Total	100%	100%	100%	100%

Táboa 26. Porcentaxes dos accidentes dos condutores de 55 anos ou maiores segundo a forma e gravidade.

Continuando coa análise segundo a forma en que se produciu a lesión, a táboa 27 detalla as porcentaxes que en cada grupo de idade dos condutores profesionais teñen os accidentes segundo a forma ou contacto que a produciu. Na táboa destácanse as tres formas máis frecuentes e as porcentaxes dos grupos de idade que superan a porcentaxe da forma no total. As formas ou contactos que produciron as lesións en cada grupo de idade son as seguintes:

